

MATERIA

Estructura Económica Mundial II: Desenvolvemento Económico

unidade  
didáctica  
**3**

TITULACIÓN

Grao en Economía

# Os sectores económicos a nivel mundial e a súa influencia no desenvolvemento

María del Carmen Sánchez Carreira

Pedro Varela Vázquez

Óscar Rodil Marzábal

Departamento de Economía Aplicada  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**DESCATALOGADO**

Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2016

**Deseño e maquetación**

J. M. Gairí

**Edita**

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico  
da Universidade de Santiago de Compostela

[usc.es/publicacions](http://usc.es/publicacions)

ISBN

978-84-16954-08-7

DOI

<http://dx.doi.org/10.15304/9788416954087>

**MATERIA: Estrutura Económica Mundial II: Desenvolvemento Económico**

**TITULACIÓN: Grao en Economía**

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

### **Unidade I. Desenvolvemento Económico: Conceptos, teorías e realidade**

Introdución

Desenvolvemento e subdesenvolvemento

A economía do desenvolvemento e as diversas teorías

A configuración do centro e a periferia na economía mundial: do imperialismo ao neoimperialismo e mundialización

O desenvolvemento capitalista no centro e na periferia

As relacións centro-periferia

A débeda externa e a axuda ao desenvolvemento como mecanismos de dependencia

Os países subdesenvolvidos na economía mundial actual

### **Unidade II. Os recursos naturais e a cuestión ambiental**

Introdución

O ambiente no pensamento económico

As funcións económicas dos ecosistemas

Os problemas ambientais

Definición e tipoloxía de recursos naturais

Enfoques sobre economía e medio natural

A contabilización dos recursos naturais e o medio ambiente: dificultades e alternativas

Os límites ecolóxicos ao crecemento. A posibilidade dun desenvolvemento sustentable?

### **Unidade III. Os sectores económicos a nivel mundial e a súa influencia no desenvolvemento**

Introdución

A agricultura e a alimentación a nivel mundial

A industria e os procesos industrializadores no mundo

A terciarización da economía mundial

### **Unidade IV. Crise, desigualdade e pobreza**

Introdución

Análise espacial da economía mundial

Heteroxeneidade e desigualdades no crecemento

As crises actuais: contradicións do desenvolvemento capitalista

As diferentes crises do sistema capitalista

A concentración a escala mundial e a internacionalización da pobreza

## ÍNDICE

---

### PRESENTACIÓN

### OS OBXECTIVOS

### OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

### OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Introducción
2. A agricultura e a alimentación a nivel mundial
  - 2.1. O papel do desenvolvemento agrícola no capitalismo
  - 2.2. Os recursos agrícolas no sistema capitalista actual
  - 2.3. A mundialización dos complexos agroalimentarios
  - 2.4. A situación da alimentación a nivel mundial
3. A industria e os procesos industrializadores no mundo
  - 3.1. Características da industrialización
  - 3.2. Características da industrialización nas distintas rexións económicas mundiais
  - 3.3. Tipos de industrialización
4. A terciarización da economía mundial
  - 4.1. Características da terciarización
  - 4.2. Características da terciarización nas distintas rexións económicas mundiais

### ACTIVIDADES PROPOSTAS

### AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

### ANEXOS

- Anexo 1. Actividades sobre a estrutura produtiva dos países desenvolvidos e menos desenvolvidos
- Actividade 1. Estrutura produtiva e Desenvolvemento
- Actividade 2. Análise das tendencias da alimentación e a situación da fame
- Anexo 2: Comentario de texto


### BIBLIOGRAFÍA

- Bibliografía básica
- Bibliografía complementaria
- Citas de recursos en internet

## PRESENTACIÓN

A unidade didáctica «Os sectores económicos a nivel mundial e a súa influencia no desenvolvemento» pertence á materia Estrutura Económica Mundial II: Desenvolvemento Económico, correspondente ao segundo curso do Grao en Economía. Segundo o plan de estudos da titulación (BOE nº 56, de 5 de marzo de 2010), dita materia ten carácter obrigatorio. A súa carga lectiva é de 6 créditos ECTS e temporalmente impártese no segundo cuadrimestre.


Esta materia forma parte do módulo Estrutura Económica e Desenvolvemento, conformado por cinco materias obrigatorias e unha optativa. O sentido que adquiren dentro do plan de estudos as materias que compoñen este módulo é proporcionar ao alumnado un coñecemento xeral e específico do contexto económico real no que desenvolverá a súa futura actividade profesional. Ademais, con estas materias preténdese que o alumnado adquira a capacidade analítica necesaria para interpretar os fenómenos e enfrontarse aos novos escenarios que xurdan na economía mundial, europea, española e galega, que están suxeitas a cambios continuos. Como se pode observar na seguinte figura, o módulo comeza coa materia Estrutura Económica Mundial I de primeiro curso, continuando en segundo coa materia Estrutura Económica Mundial II: Desenvolvemento Económico. Posteriormente, en terceiro curso, impártense as materias Estrutura Económica de España e da Unión Europea, Estrutura Económica de Galicia e, Desenvolvemento Rexional e Desenvolvemento Local. Por último, no cuarto curso, ofértase a materia optativa Desenvolvemento Económico e Sustentabilidade.



Estrutura Económica Mundial II: Desenvolvemento Económico é continuación da materia Estrutura Económica Mundial I. A organización didáctica conxunta das dúas

materias pretende que o alumnado dispoña duns coñecementos teóricos que lle permitan comprender os aspectos fundamentais da análise estrutural en economía; dotar ao alumnado dun coñecemento básico da estrutura e configuración da economía mundial actual como marco no que se insiren as economías europea, española e galega. A finalidade é que aprendan a analizar a economía mundial cos instrumentos propios dunha metodoloxía sistémica, que saiban interpretar as súas características actuais con referencias históricas, a súa evolución e movementos cíclicos e, coñezan os elementos relacionais que hai detrás dos modelos de acumulación.

A programación docente da materia Estrutura Económica Mundial II: Desenvolvemento Económico está formada por catro unidades didácticas, como se indica no seguinte diagrama.



Aquí preséntase a terceira unidade, na que se estudan as características actuais dos distintos sectores económicos no ámbito desenvolvido e en desenvolvemento, os elementos claves na evolución dos distintos sectores e a súa influencia no desenvolvemento. Está directamente relacionada coa primeira unidade, na que se aborda o desenvolvemento económico, dende unha perspectiva conceptual, teórica e de evolución histórica. A segunda unidade analiza a cuestión ambiental e a importancia dos recursos naturais como factores para o crecemento económico e para acadar o desenvolvemento sustentable. Por último, a unidade catro trata a análise espacial da economía mundial, destacando a heteroxeneidade existente entre as áreas desenvolvidas e as non desenvolvidas, así como a crecente diversidade no mundo non desenvolvido. Ademais, aborda as crises económicas do sistema capitalista e as súas consecuencias e presta especial atención á crise actual.

Esta unidade dirixese ao alumnado de segundo curso de Grao en Economía matriculado na materia. Asemade, pode resultar de utilidade para o profesorado que imparte docencia tanto nese curso, como no módulo de Estrutura Económica e Desenvolvemento, para que teña un coñecemento máis preciso dos contidos abordados nesta materia e das actividades realizadas. Así, pode servir como instrumento para a coordinación de materias (en sentido horizontal e vertical), buscando sinerxías que resulten nunha formación máis integral e, que tamén eviten o solapamento de contidos que non supoñan un reforzo da formación.

Os contidos desta unidade didáctica impartiranse en 14 horas, 10 expositivas e 4 interactivas.

Queremos facer explícito o noso agradecemento ao alumnado matriculado na materia correspondente ao Grupo Expositivo 2 (quenda de tarde) dende o curso 2009/2010 ata o 2014/2015, pola súa colaboración para contribuír colectivamente a unha mellor docencia e formación. Un recoñecemento especial para os cursos 2012/2013, 2013/2014 e 2014/2015, pois coa manifestación das súas inxerencias intelectuais e unha actitude moi positiva, activa e colaboradora, demostraron que o proceso de ensino-aprendizaxe é interactivo, ao poder xogar o alumnado un papel protagonista na súa formación e non converterse en simple receptor do que o profesorado pretende transmitir. Asemade, esa dinámica de participación con contribucións de interese e a procura continuada da reflexión e do debate leva a ampliar e reforzar os coñecementos, pero aínda máis importante ao desenvolvemento doutras capacidades, actitudes e valores. Estas capacidades son importantes no proceso de formación, mais tamén para a súa futura actividade profesional. Por último, un agradecemento ao profesor Xoán Ramón Doldán García, pola súa colaboración e bo facer durante todo o tempo que compartimos a docencia desta materia.

## OS OBXECTIVOS

---

A materia Estrutura Económica Mundial II: Desenvolvemento Económico impartida no segundo curso é continuación de Estrutura Económica Mundial I. Conxuntamente estas materias pretenden que o alumnado adquira a capacidade analítica necesaria para interpretar os fenómenos e enfrontarse aos novos escenarios que xurdan na economía mundial. Tamén ofrecen a base para a aplicación en cursos posteriores da análise estrutural ao estudo da economía europea, española e galega, así como as posibilidades de desenvolvemento no eido rexional e local e dende unha perspectiva sustentable.

Os obxectivos da materia Estrutura Económica Mundial II: Desenvolvemento Económico son os seguintes:

- **obxectivo xeral 1:** Dispoñer duns coñecementos teóricos que permitan comprender os aspectos fundamentais da análise estrutural en economía e algunhas pautas da formación do sistema económico mundial;
- **obxectivo xeral 2:** Analizar a economía mundial cos instrumentos propios dunha metodoloxía sistémica;

- **obxectivo xeral 3:** Interpretar as características actuais da economía mundial con referencias históricas, a súa evolución e movementos cíclicos;
- **obxectivo xeral 4:** Coñecer os elementos relacionais que hai detrás dos modelos de acumulación;
- **obxectivo xeral 5:** Detectar e comprender as características estruturais do sistema económico, como as relacións económicas mundiais, as desigualdades existentes, os problemas globais ou os aspectos institucionais;
- **obxectivo xeral 6:** Coñecer as características das estruturas dos países centrais e dos periféricos, a división internacional do traballo na que se insiren e o ámbito institucional no que se desenvolven ditas relacións;
- **obxectivo xeral 7:** Coñecer e valorar a diversidade das estratexias de desenvolvemento.

As competencias da titulación ás que contribúe a materia son as seguintes:

- **competencia xeral 1:** Saber elaborar e defender argumentos sobre cuestións económicas, desenvolvendo a capacidade analítica;
- **competencia xeral 2:** Saber identificar, reunir e interpretar datos relevantes sobre cuestións relacionadas co ámbito económico;
- **competencia xeral 3:** Saber organizarse colectivamente para a realización de traballos en equipo.

As competencias específicas desta materia son as seguintes:

- **competencia específica 1:** Coñecer os conceptos e técnicas básicas da economía aplicada necesarios para a comprensión dos contidos da materia;
- **competencia específica 2:** Coñecer e interpretar a realidade económica mundial e os seus cambios e interrelacións;
- **competencia específica 3:** Comprender o papel e funcionamento das institucións económicas internacionais;
- **competencia específica 4:** Familiarizarse coas fontes de información estatística de carácter periódico sobre cuestións relacionadas cos contidos da materia;
- **competencia específica 5:** Familiarizarse coa prensa económica e realizar un seguimento da actualidade económica a nivel mundial, para comprobar na realidade a comprensión dos contidos da materia.

A terceira unidade didáctica estuda as características actuais dos distintos sectores económicos no ámbito desenvolvido e en desenvolvemento, os elementos claves na evolución dos distintos sectores e a súa influencia no desenvolvemento. Tendo en conta os obxectivos propostos nesta unidade, á súa finalización o alumnado deberá ser capaz de:

- **obxectivo 1:** Coñecer o papel da agricultura no sistema económico capitalista, así como as principais características do sector primario e a súa relación co desenvolvemento económico;



- **obxectivo 2:** Coñecer as características do proceso de mundialización dos complexos agroalimentarios;
- **obxectivo 3:** Coñecer a situación e os problemas da alimentación a nivel mundial;
- **obxectivo 4:** Coñecer as principais características da industrialización e a súa relación co desenvolvemento económico;
- **obxectivo 5:** Coñecer os principais modelos de industrialización aplicados a nivel mundial e valorar os seus resultados
- **obxectivo 6:** Coñecer as principais características da terciarización e a súa relación co desenvolvemento económico;
- **obxectivo 7:** Coñecer as distintas características da terciarización entre economía desenvolvida e subdesenvolvida;
- **obxectivo 8:** Coñecer a importancia dos subsectores da actividade de servizos.

Os obxectivos desta unidade didáctica contribúen a que o alumnado acade os obxectivos 2, 3, 4, 5, 6 e 7 da materia; as competencias xerais 1, 2 e 3; e as competencias específicas 1, 2, 4 e 5.

### OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

De acordo coa filosofía do Espazo Europeo de Educación Superior, para o ensino da materia utilizaranse as clases expositivas e interactivas, complementadas coas titorías e a formación de grupos de traballo tutelados.

As clases expositivas constitúen necesariamente o eixo central para o desenvolvemento do programa, mais nelas as explicacións do profesorado débense acompañar coa participación activa do alumnado, mediante preguntas e debates. O método afirmativo, tanto expositivo como demostrativo, combinarase co método de elaboración interrogativo. Tendo en conta o tempo dispoñible para impartir a materia, o método de elaboración por descubrimento só se empregará nalgunha actividade interactiva.

A exposición dos contidos temáticos da materia coordínase cun programa de clases interactivas, que permitan afondar nos conceptos e técnicas de análise empregados nas diversas leccións. Servirían, por exemplo, para familiarizar ao alumnado co manexo das fontes estatísticas máis importantes, para o debate sobre temas de interese e cuestións de actualidade, ou o comentario de textos. Neste último caso, partiríase dalgún texto distribuído previamente relacionado cos contidos da unidade didáctica, designando a varios/as alumnos/as que actúen como relatores das ideas principais do texto e da súa opinión antes da discusión conxunta.

Como unha das competencias que se pretende acadar con esta materia é a organización do traballo en grupo, constituiranse grupos de traballo para a realización de distintas tarefas que deben entregar por escrito ademais de expoñer: elaboración de estudos sobre determinados temas, busca e análise de datos ou comentarios de textos. Este tipo de actividades ten unha tripla finalidade:

- Fomentar que o alumnado sexa partícipe da construción do coñecemento, adoptando unha actitude reflexiva, crítica e con valores éticos.
- Fomentar o uso de libros, revistas, estatísticas, bases de datos e, en xeral, do material dispoñible en bibliotecas, hemerotecas ou webs.
- Conseguir que adquiran experiencia para acometer a preparación e redacción de informes, así como a súa presentación e defensa ante os compañeiros e o profesorado.

O alumnado contará co apoio e orientación do profesorado, tanto para a realización das distintas actividades como para calquera outra consulta ou dúbida relacionada coa materia ou a súa formación académica. Nese sentido, as titorías son un sistema pedagóxico complementario destinado a facilitar a comunicación e o intercambio de opinións entre o profesorado e o alumnado. O seu obxectivo esencial é constituírse nunha continuación das clases, permitindo resolver as dúbidas que non quedasen suficientemente clarificadas na clase e, sobre todo, guiar ao alumnado nos proxectos de traballo que estean desenvolvendo ou propoñer extensións e ampliacións dos temas tratados nas clases ou a súa aplicación a outros contextos. Ademais, a titoría é unha boa fonte de información xeral sobre como se está desenvolvendo o curso. As cuestións que se presenten repetidamente nas titorías son indicativas do interese do alumnado por estes temas, ou ben das deficiencias na comprensión dos mesmos.

Por último, utilizarase a Aula Virtual como medio de apoio ao desenvolvemento da materia. Nesa plataforma, ademais de contar co material empregado nas clases expositivas e a descrición das tarefas e composición dos grupos para as actividades interactivas, terán á súa disposición material complementario e ligazóns de interese. Ademais, promoverase a utilización dos foros para o comentario de noticias económicas e vídeos ou para debater sobre temas actuais relacionados coa materia.

## **OS CONTIDOS BÁSICOS**

---

Esta unidade didáctica céntrase nas características actuais dos distintos sectores económicos no ámbito desenvolvido e en desenvolvemento, os elementos claves na evolución dos distintos sectores e a súa influencia no desenvolvemento. Polo tanto, nesta unidade abórdase o desenvolvemento dende a perspectiva sectorial, identificando as diferentes características segundo o nivel de desenvolvemento.

### **1. Introducción**

En primeiro lugar, presentaranse os obxectivos e contidos do tema dende unha perspectiva global e sistémica, para entender por que se debe analizar a estrutura sectorial e as diferenzas nesa estrutura entre ámbito desenvolvido e en desenvolvemento tanto a nivel intersectorial como intrasectorial. A continuación, formularanse unha serie de cuestións para avaliar o nivel de coñecementos previo do alumnado sobre a relación biunívoca entre a estrutura sectorial e o

desenvolvemento. Por exemplo, preguntárase sobre a influencia da industrialización no desenvolvemento e se hai diferenzas na especialización produtiva entre países desenvolvidos e en desenvolvemento.

Tras coñecer as respostas do alumnado, debater e ir comentando contidos que se desenvolverán nesta unidade didáctica para poder responder a esas cuestións dun modo fundamentado, presentáranse algúns exemplos que describan a diversidade sectorial de países cun nivel de desenvolvemento semellante.

A análise realízase por sectores, comezando pola agricultura, continuando pola industria e finalizando coas actividades de servizos.

## 2. A agricultura e a alimentación a nivel mundial

Este apartado céntrase na análise do sector agrario, abordando a súa importancia e evolución no desenvolvemento capitalista, as características dos recursos agrícolas e dos complexos agroalimentarios no ámbito desenvolvido e en desenvolvemento e a situación da alimentación a nivel mundial. Préstaselle especial importancia ás diferentes características do sector agrario segundo o nivel de desenvolvemento da economía na que se desenvolve.

A agricultura é a actividade que consiste na obtención de recursos da natureza, para acadar produtos que satisfagan as necesidades humanas no eido da base alimenticia. Trátase dunha actividade caracterizada pola dependencia da natureza.

### 2.1. O papel do desenvolvemento agrícola no capitalismo

O sector agrario é moi relevante no proceso de desenvolvemento, como mostra a experiencia histórica dos países avanzados. Constitúe unha fonte de recursos para os demais sectores, tanto materiais, como humanos e financeiros. O seu papel varía segundo o nivel de desenvolvemento do país. Así, é crucial nas primeiras fases do proceso de industrialización e perde relevancia posteriormente. O proceso de desenvolvemento económico carrega a diminución da achega económica da agricultura, tanto en termos de produción como de emprego. Esa tendencia, que se observa ao analizar a evolución dun país, tamén se cumpre cando se compara a importancia do sector agrario en distintos países. A nivel global, resulta evidente o reducido peso da agricultura nos países avanzados en comparación coa súa importancia nos países menos desenvolvidos.

Tradicionalmente considérase que a agricultura cumpre as cinco funcións seguintes para o desenvolvemento económico:

1. A subministración de alimentos: Ten un papel estratéxico para asegurar a alimentación da poboación, producindo os alimentos que a sociedade necesita.
2. Transferencia de man de obra aos outros sectores: O fenómeno do transvase de man de obra do ámbito rural ao urbano (tamén coñecido como éxodo agrario) xoga un papel fundamental nas primeiras etapas da industrialización. Leva implícito o aumento da produtividade no sector agrario. Asemade, considérase que o sector agrario cumpre un papel estabilizador do mercado de traballo.

3. Contribúe ao financiamento do desenvolvemento industrial: O excedente xerado no sector agrario constitúe unha fonte de capital para outros sectores, especialmente para financiar os procesos de industrialización. Esta función foi especialmente relevante nas fases iniciais da industrialización, tendo actualmente unha importancia menor.
4. As exportacións de bens agrarios como fonte de divisas contribúe a financiar o desenvolvemento industrial. Aínda que non é unha función extensible a todos os países, nalgúns tivo moita relevancia.
5. Por último, a creación de mercado para os produtos industriais: obsérvase un proceso de crecente integración mercantil das explotacións agrarias. Dito proceso ten unha dobre dirección: unha parte crecente da produción agraria destínase ao sector industrial para continuar a súa transformación; e asemade o sector agrario adquire bens industriais. Ademais da importancia da compra de produtos intermedios e de bens de equipo, tamén se debe mencionar a adquisición pola poboación agraria de bens de consumo elaborados polas ramas industriais.

O contido concreto desas funcións vai variando segundo aumenta o nivel de industrialización dunha sociedade.

Nas últimas décadas cobra importancia unha nova función vinculada á crecente preocupación medio ambiental. Así, a agricultura cumpre un papel esencial no mantemento do equilibrio ecolóxico e territorial. En particular, contribúe a manter poboación no medio rural, evitando os problemas ambientais derivados da desertización. E tamén se trata de favorecer sistemas de produción agraria sostible.

Na actividade agrícola están presentes aspectos de dous tipos principais:

- De carácter natural: sexan factores físicos ou biolóxicos, poden constituír limitacións pola súa dependencia da Natureza, se ben poden ser superadas cos avances tecnolóxicos e da agronomía.
- De carácter económico: poden ser factores tecnolóxicos ou relativos á propiedade.

O desenvolvemento das forzas produtivas é global. Polo tanto, o desenvolvemento agrícola está inmerso na estrutura económica da sociedade, e non se pode explicar só no marco da economía agrícola. Mais é certo que os cambios estruturais na economía agrícola foron fundamentais na transición do precapitalismo ao capitalismo. Eses cambios maniféstanse nas relacións económicas e de poder (cos cambios nas estruturas de propiedade) e no propio desenvolvemento agrícola. Como resultado, prodúcese a capitalización da economía agrícola, tanto nos *inputs* e nos *outputs*, como respecto ao produtor, pola crecente asalarización.

Así, a agricultura foise adaptando ao desenvolvemento industrial. Ese proceso presenta características diferenciadas en cada país, mais a nivel global obsérvase unha dobre tendencia:

- Elevado desenvolvemento agrícola nos países capitalistas. Trátase dun modelo de agricultura capitalista baseada no traballo asalariado e nos arrendamentos; que se centra no aumento da produtividade;

- Subdesenvolvemento agrícola nos países menos desenvolvidos, subordinados ás necesidades dos países capitalistas. Neste caso, trátase dun modelo de agricultura de subsistencia, baseado en formas de produción non capitalistas.

## 2.2. Os recursos agrícolas no sistema capitalista actual

A conformación das economías agrícolas nos distintos países depende da súa propia dinámica de desenvolvemento capitalista e da historia de cada formación social. Tendo en conta esas diferenzas, establécese unha tipoloxía diferenciada de explotacións agrarias para o centro e para a periferia.

No caso do centro, a clasificación distingue tres tipos de explotacións:

- As explotacións propiamente capitalistas: A organización da empresa agrícola é como a de calquera empresa capitalista, adaptándose ao tipo de produto. Entre as súas características destacan a maior dimensión, a mecanización, o elevado consumo enerxético e químico, a súa competitividade, tenden á sobreprodución, dependen do sector financeiro e están desvinculadas do ámbito rural.
- As explotacións mercantís simples: Presentan como características unha menor dimensión, produtividade máis baixa, maior dependencia financeira e de insumos industriais. Abastecen as necesidades do mercado local e ofrecen diversidade produtiva, para adaptarse ás diferentes culturas e tradicións alimenticias. Iso contrasta coa homoxeneidade e estandarización propias das explotacións capitalistas, fronte ás que se atopan subordinadas.
- As explotacións de subsistencia ou autoconsumo: Teñen carácter residual e tenden a manterse asociadas ás explotacións mercantís simples.

No caso da periferia, a súa actividade agrícola adaptouse á base económica do centro e ás súas necesidades, o que implicou un proceso de capitalización distinto ao observado no centro. Poden distinguirse dous tipos principais de explotacións agrarias:

- O latifundio de exportación: trátase de grandes superficies caracterizadas polo monocultivo e a produción para os mercados exteriores (extraversión). A propiedade está moi concentrada, sexa na burguesía propia ou en empresas multinacionais de países do centro.
- As explotacións mercantís simples ou de subsistencia: A súa produtividade é baixa e está orientada ao autoconsumo e como moito ao mercado local. Este tipo de explotacións corresponden á maioría do campesiñado pobre.

## 2.3. A mundialización dos complexos agroalimentarios

Como principais características estruturais da produción agroalimentaria mundial poden destacarse as tres seguintes:

- O países do centro producen e consomen os *inputs* industriais para a agricultura.  
A dualidade centro-periferia tamén se manifesta na distribución dos recursos agrícolas polo reparto desigual dos medios de produción. Como resultado, as diferenzas de produtividade agrícola entre o centro e a periferia son intensas e crecentes. Así, o centro conta con máis terras en cultivo que a periferia en relación á súa superficie; e tamén con maiores medios de produción como tractores ou outras máquinas. En cambio, o centro só precisa un reducido volume de recursos humanos na agricultura, mentres que na periferia a agricultura é a actividade desenvolvida por unha parte relevante (e xeralmente a maioritaria) da poboación. A sobrepoboación relativa na agricultura da periferia é resultado da dificultade de acceder a medios de produción agrícolas máis modernos, tecnificados e produtivos.
- O Centro produce maioritariamente os alimentos e a periferia materias primas agrícolas e produtos exóticos (denominados postres ou vicios de occidente, como café ou tabaco).
- O modelo produtivo agrícola do Centro baséase nun alto consumo de enerxía e nunha estandarización da produción. Ese modelo caracterízase pola rendibilidade económica, ao mesmo tempo que é moi deficitario dende a perspectiva enerxética.

A conformación e evolución da actividade agroindustrial a nivel mundial mostra características dun oligopolio, tanto dende a perspectiva da oferta como da demanda. En relación á oferta, obsérvase a diversificación das grandes empresas de alimentación, que chegan a cubrir toda ou a meirande parte de produtos do sector alimentario. Asemade, deuse un proceso de concentración e centralización de capital agroalimentario, no que os procesos de absorción e fusión de empresas tiveron un papel relevante. Dende a perspectiva da demanda, as grandes empresas adquiren a produción dos agricultores pequenos e medianos. Así, actualmente o que comemos e bebemos é producido e está controlado por un máximo de dez grandes empresas a nivel mundial.

En relación á cadea agroalimentaria a nivel mundial, constátase unha notable diferenza na participación dos países desenvolvidos e menos desenvolvidos. Dese xeito, as grandes empresas que controlan e invisten na actividade agroalimentaria proceden maioritariamente dos países desenvolvidos. Esa situación obsérvase nos distintos segmentos da cadea de valor: insumos para a agricultura, a propia actividade agraria vinculada ao cultivo de terras e a obtención e venda de produtos alimenticios; a industria de alimentación e bebidas ou a distribución deses produtos. Pola contra, as multinacionais dos países da periferia (especialmente as de Asia) só están presentes na agricultura.

A análise do comercio agroalimentario a nivel mundial reflicte tanto a estrutura da produción agraria como a do comercio mundial, caracterizada a última polo peso relevante do comercio entre os países desenvolvidos e a contradición entre as tendencias á mundialización e ao proteccionismo.

As principais características estruturais do comercio agroalimentario mundial son as seguintes:

- O comercio agroalimentario ten lugar maioritariamente entre países do Centro, tanto nos *inputs* como nos *outputs*. Iso incrementa a dependencia da periferia.
- O comercio entre os países do Centro está dominado por conflitos proteccionistas, mentres que o comercio centro-periferia caracterízase polo proteccionismo do centro e o deterioro dos termos de intercambio para as exportacións da periferia.
- Os países da periferia dependen cada vez máis das importacións para poder alimentar á súa poboación. Este feito derivase da especialización das economías periféricas como consecuencia da división internacional do traballo no sector agrario.

#### 2.4. A situación da alimentación a nivel mundial

Defínense os seguintes termos, segundo a FAO (Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura):

- **Fame:** Estado das persoas que non consomen o mínimo da enerxía diaria necesaria (calorías necesarias para unha actividade lixeira e un peso aceptable mínimo para a estatura)
- **Subnutrición** (ou fame): inxestión de alimentos insuficiente para atender as necesidades de enerxía alimentaria correspondentes a unha vida activa e saudable
- **Malnutrición:** inxestión alimentaria inaxeitada ou desequilibrada ou unha absorción deficiente dos nutrientes consumidos. Refírese tanto á desnutrición (privación de alimentos) como á sobrealimentación (consumo excesivo de alimentos en relación ás necesidades enerxéticas)

Malia a que actualmente a produción de alimentos a nivel mundial é suficiente para atender as necesidades alimenticias da poboación total, a fame acada un nivel moi elevado.

Mentres que a produción, consumo e comercio de alimentos están controlados polo Centro; na periferia mantense a dependencia tecnolóxica e alimentaria, así como a subalimentación. Como consecuencia da estrutura e infraestrutura da produción agroalimentaria, os problemas alimenticios do centro e da periferia diverxen. Así, mentres no centro a sobrealimentación e a obesidade constitúen un problema sanitario, na periferia moitas persoas padecen fame, enfermidades relacionadas coa subalimentación e mesmo perden a vida.

A Declaración Universal de Dereitos Humanos recoñece o dereito á Alimentación Mundial no seu artigo 25. O Cumio Mundial da Alimentación celebrado en Roma en 1996 define a seguridade alimentaria.

A **seguridade alimentaria** existe cando todas as persoas teñen en todo momento acceso material e económico a alimentos suficientes, seguros e nutritivos para satisfacer as súas necesidades nutricionais e as súas preferencias alimentarias para levar unha vida activa e sa.

A seguridade alimentaria é complexa, incluíndo as dimensións de dispoñibilidade, acceso, utilización e estabilidade. A inseguridade pode deberse á falta de alimentos, ao escaso poder adquisitivo ou uso inadecuado dos recursos alimenticios.

### 3. A industria e os procesos industrializadores no mundo

Este apartado aborda o sector industrial, centrándose na súa importancia e evolución no desenvolvemento capitalista; e nas diferentes características do sector industrial segundo o nivel de desenvolvemento da economía na que se desenvolven. Préstaselle especial atención á análise dos principais modelos de industrialización aplicados a nivel mundial.

#### 3.1. Características da industrialización

A industria engloba o conxunto de operacións produtivas dedicadas á transformación continua e a gran escala de materias primas en produtos transportables, para o consumo intermedio ou final. Trátase dunha actividade material, que a diferenza da agricultura, non depende da Natureza.

Considérase unha economía industrializada cando a industria representa unha parte significativa do produto total e é a compoñente principal das exportacións de bens. Debe realizarse unha precisión relevante en relación á diferenza entre actividade industrial e manufactureira. As actividades industriais non se limitan ás actividades manufactureiras, senón que tamén inclúen as actividade extractivas. Como se verá na actividade interactiva relativa á participación dos distintos sectores no PIB, hai notables diferenzas se se utiliza o indicador de produción industrial ou manufactureira, pois moitos países non desenvolvidos contan con moitos recursos naturais minerais ou enerxéticos (como o petróleo). Polo tanto, a industria abrangue máis actividades que as exclusivamente manufactureiras, centradas na actividade de transformación dunha materia prima en produto.

Por iso, para identificar as economías industrializadas deben considerarse varios indicadores, como a participación do sector industrial e do sector manufactureiro no PIB, o emprego industrial e manufactureiro, o produto bruto manufactureiro por habitante, a participación manufactureira nas exportacións, e a diversificación da produción (ou a *sensu contrario*, o grao de especialización).

Parece existir unha clara relación entre industrialización e desenvolvemento e, en particular, entre o nivel de renda por habitante e o grao de industrialización e o crecemento do PIB e da industria manufactureira. De feito, a experiencia histórica



mostra que o desenvolvemento dos países avanzados baseouse na industrialización. Por iso, as estratexias de desenvolvemento se centran na industrialización, como se viu na unidade didáctica na que se explicaron as teorías dos primeiros economistas do desenvolvemento.

En coherencia coa experiencia dos países avanzados, Kaldor considera que o único xeito de acadar o desenvolvemento é a industrialización, pois naqueles casos nos que a industrialización fracasou, a economía non acadou o desenvolvemento. Ese autor, experto en desenvolvemento económico, establece catro leis relativas á relación entre crecemento industrial e económico.

A identificación que tende a facerse entre industrialización e desenvolvemento está baseada en que a industria é a actividade que mellor se adapta ao modo de produción capitalista, ao ofrecer as mellores condicións para a reprodución ampliada do capital. De feito, o desenvolvemento industrial e capitalista tenderon a ir parellos, como reflicte a importancia crecente da industria na historia do capitalismo.

### **3.2. Características da industrialización nas distintas rexións económicas mundiais**

A actividade industrial está presente en calquera sociedade, se ben a súa relevancia é moi diversa. Así, as sociedades precapitalistas caracterízanse polo predominio da agricultura, mentres que nas sociedades capitalistas a actividade principal é a industrial. En calquera deses dous tipos de sociedade, as demais actividades están subordinadas ao desenvolvemento da actividade principal, sexa a agricultura ou a industria.

A nova división internacional do traballo industrial supuxo a incorporación dalgunhas economías periféricas á produción e circulación mundial de mercancías manufacturadas (primeiro os novos países industriais, principalmente no Leste de Asia e, posteriormente, outras economías). Como consecuencia desa expansión da actividade industrial, fálase da fábrica global.

Poden distinguirse distintas fases de industrialización, segundo os cambios nas compoñentes do medio produtivo, que son as materias primas e os medios de produción; na forza de traballo e nos produtos. Polo tanto, os tres ámbitos implicados na produción industrial son inseparables: a adaptación á innovación tecnolóxica nas diferentes ramas produtivas; a organización do proceso de traballo e a produción máis axeitada ás necesidades da acumulación de capital e á dinámica de adaptación do modo e capacidade de consumo á capacidade de produción.

Tradicionalmente, o desenvolvemento e as características da industria mundial reflectían a dicotomía centro-periferia e a dinámica de desenvolvemento capitalista. En xeral, observábase a tendencia a unha correlación positiva entre nivel de industrialización e nivel de desenvolvemento capitalista. Os países industrializados exportaban fundamentalmente manufacturas e os países non industrializados exportaban materias primas e produtos primarios. Actualmente, esa realidade mantense, aínda que admite algunhas matizacións, como a consideración de novas economías industrializadas ou emerxentes. Esa realidade máis diversa é

resultado dunha dinámica contraditoria do conxunto da economía mundial. Así, a tendencia á homoxeneidade implica a extensión ou difusión da industrialización, que non se limita ás economías avanzadas. En cambio, a tendencia á heteroxeneidade derívase do mantemento da dicotomía centro-periferia, aínda que a evolución da actividade industrial difire nesos dous polos. Malia ao incremento da produción ou da exportación industrial na periferia, non poden considerarse economías industrializadas. En cambio, no Centro a diminución da achega industrial non significa que perdan a condición de economías industrializadas. Esas dúas tendencias contraditorias derívanse dunha fase determinada de progreso e da posición na división internacional do traballo. A composición e estrutura por ramas da actividade industrial tamén é un elemento relevante.

### 3.3. Tipos de industrialización

Poden identificarse distintos tipos de industrialización, sendo elementos clave para establecer a tipoloxía que tipo de bens se producen (primarios ou industriais), como se producen (en referencia ao sistema económico) e para quen se producen (exportación ou demanda interna).

Nas economías menos desenvolvidas, o modelo de industrialización tende a ser dependente, de enclave ou residual. Mais existen exemplos de industrialización autónoma nos países de economía planificada como a URSS, China ou India; ou ben de industrialización periférica, como sucede no caso de Cuba.

Dende a perspectiva histórica, o primeiro modelo é o primario exportador, que se aplicou tanto en economías avanzadas como menos desenvolvidas. Trátase dun modelo de crecemento cara fóra, baseado nun sector primario exportador. A provisión de materias primas ao mercado mundial xera certa prosperidade, o que permite a acumulación de capital, contribuindo a financiar o inicio da industrialización. Mais ese modelo non tende a ser sostible no tempo, como mostra o fenómeno da enfermidade holandesa, e os problemas derivados dun elevado ingreso por divisas, que se pode aplicar á experiencia venezolana na época máis recente.

O crecemento das exportacións eleva o poder de compra dunha parte da poboación, diversificando a súa demanda de produtos de consumo manufacturados. Nesas economías a estrutura produtiva dende o lado da oferta evolucionou de forma inversa ao perfil da demanda; ao observarse especialización na oferta e diversificación na demanda.

Entre os problemas deste primeiro modelo primario-exportador debe indicarse que os seus mercados teñen unha dimensión moi limitada; e son espazos periféricos e marxinais no proceso de acumulación capitalista. A especialización nas materias primas e alimentos limita o seu potencial, debido á baixa elasticidade da demanda e ao deterioro da relación real de intercambio. Tamén implica unha elevada dependencia da demanda externa, principalmente dos países centrais; e do capital “estranxeiro para o investimento. Considérase un modelo de industria de enclave, pois o sector exportador non ten relación coas demais actividades económicas.

Asemade, esa actividade está moi concentrada territorialmente, ao localizarse nas áreas nas que se atopan os recursos primarios.

No desenvolvemento do sistema capitalista poden distinguirse varios tipos de procesos de industrialización:

1. O modelo de industrialización integral;
2. O modelo de industrialización por substitución de importacións (ISI);
3. O modelo de industrialización orientado ás exportacións tamén denominado de industrialización por substitución de exportacións (ISE).

O modelo de industrialización integral implica un progreso industrial articulado, tanto intrasectorialmente como en relación cos demais sectores económicos; e que se estende ao mercado interno. Como consecuencia, hai diversificación industrial e un baixo grado de especialización. A especialización tecnolóxica é fundamental para determinar a competitividade internacional.

O modelo de industrialización substitutivo de importacións (ISI) ten como obxectivo desenvolver as industrias nacionais para abastecer ao mercado interno de produtos que anteriormente se importaban.

Para acadar a industrialización establécense 4 etapas sucesivas:

1. Produción nacional de medios de consumo básicos non duradeiros;
2. Produción nacional dos medios de consumo duradeiros;
3. Produción nacional dos medios de produción para as industrias de produción de medios de consumo (sexan duradeiros ou non duradeiros);
4. Produción nacional de medios de produción para producir medios de produción, tecnoloxía e infraestrutura de plantas industriais. Con esta fase acadaríase a autosuficiencia industrial.

As economías latinoamericanas considéranse o exemplo máis representativo deste modelo. A pesar de que esa estratexia contribuíu notablemente á industrialización desas economías, a valoración xeral do modelo ISI é negativa, considerándose unha experiencia incompleta e fracasada. Entre as principais causas para esa valoración atópase o desenvolvemento industrial desigual, pois as catro fases de industrialización non se completan. De feito, na maioría dos países só se acada a primeira e segunda fase. Ademais, cando se acadan fases máis avanzadas, tende a ser pola relevancia das empresas estranxeiras. Derivado desa situación de desenvolvemento desigual, o tecido industrial non está articulado, presentando escasas interrelacións e un baixo nivel de desenvolvemento tecnolóxico. Outra causa destacada dese fracaso é a contradición que se observa na realidade ao aumentar as importacións, o que repercute nun elevado desequilibrio externo e unha maior dependencia do estranxeiro. Outros elementos relevantes son a intervención directa do Estado como empresario e aplicando políticas proteccionistas, que se manifestan nunha baixa competitividade; ou o limitado mercado interno.

Por último, o modelo de industrialización substitutivo de exportacións (ISE) é o que seguen os países do sueste asiático a partir da década dos 60. Inicia ese modelo Xapón, continuando Corea do Sur, Taiwan, Hong-Kong e Singapur. Posteriormente, aplícase en países como Tailandia, Malasia, Indonesia ou Filipinas. Son países

caracterizados polo rápido crecemento da produción e exportación industrial, tanto a nivel de país como na súa participación a nivel mundial. Este modelo considérase de moito éxito, porque o proceso de industrialización deses países, permitiulle converterse en países desenvolvidos.

Dito modelo trata de desenvolver a industria manufactureira para a exportación: as exportacións pasan de ser basicamente de produtos primarios a produtos manufactureiros. Por iso, se denomina modelo de substitución de exportacións. Asemade, non require a existencia dun mercado interno. Tras unha primeira etapa na que aplican o modelo ISI e consolidan o carácter industrial, pasan a exportar produtos industriais.

Os principais factores que configuran este modelo son os seguintes:

- O importante papel do Estado como axente definidor das opcións estratéxicas e tamén como articulador da acción dos grupos empresariais nacionais. Dese xeito, o desenvolvemento industrial está liderado por axentes empresariais internos.
- Dáselle prioridade ao obxectivo industrial, se ben se lle presta atención ao diverso contido sectorial. A actividade de intermediación financeira tamén se subordina ao obxectivo estratéxico da industrialización.
- Regúlase a presenza do capital estranxeiro nos distintos sectores produtivos.
- Concédesele especial importancia á cualificación e capacitación da forza laboral.

O modelo ISE ten unha notable influencia do modelo xaponés, que se manifesta en aspectos como a importancia das relacións comerciais con Xapón, ou a elevada división do traballo nas ramas industriais.

Este feito vincúlase claramente co patrón de crecemento de gansos voadores seguido nos países do Leste de Asia. A medida que os países crecen, elevan os seus niveis de vida relativos e salarios reais e adquiren madurez, pasando a sectores de produción de maior valor agregado abandonando producións de menor valor. Ese proceso permite que outros países máis atrasados se especialicen neses sectores, mentres que o país que lidera ofrece mercados de exportación en expansión. Así, xéranse importantes fluxos de capital dende os países con maiores niveis de crecemento aos máis atrasados. Xapón liderou o proceso de crecemento deste grupo de países na década dos 50. Inicialmente especializouse na industria téxtil e do calzado e logo avanzou a automóbil ou electrónica. Os tigres asiáticos inician o seu despegue nos 60 ocupando o lugar de Xapón na industria téxtil. Máis tarde abandonan estas producións, fabricando automóviles ou produtos electrónicos. A finais dos 80 incorpóranse á industria téxtil os dragóns do sueste asiático. Así, o desenvolvemento destes países e o éxito do modelo ISE non se explica soamente polas políticas económicas aplicadas, senón tamén polo establecemento de vínculos económicos relevantes entre eses países. Dese xeito, a cooperación convértese nun elemento clave para o crecemento.

Trátase dun modelo de desenvolvemento industrial en tres tempos: importación, produción interna e exportación de produtos manufacturados.

Outras características dese modelo son o apoio selectivo do goberno ás novas industrias, mediante protección arancelaria, axudas e subvencións ou colaboración entre sector público e privado; a propiedade pública das empresas; o control do investimento estranxeiro e das reservas de divisas para financiar a importación de equipamento e produtos industriais. Con respecto ao investimento estranxeiro, a actitude difire segundo o período e especialmente en función do sector de actividade. Dende o eido social, trátase de economías caracterizadas polo baixo consumo, o elevado aforro e un reducido nivel de desigualdade. Outro elemento relevante é a dispoñibilidade de man de obra a baixo custo.

As experiencias de aplicación do modelo ISE revelan que as exportacións tenden a concentrarse en bens de consumo, que requiren un elevado volume de importacións e utilización intensiva de man de obra. Polo tanto, en contraposición á maior capacidade exportadora, incrementouse a importación de manufacturas, especialmente de bens de capital.

#### 4. A terciarización da economía mundial

Este apartado aborda o sector servizos ou terciario, centrándose na súa delimitación, importancia e evolución no desenvolvemento capitalista; e nas diferentes características do proceso de terciarización segundo o nivel de desenvolvemento económico.

##### 4.1. Características da terciarización

O sector servizos é moi heteroxéneo e complexo, sendo o sector de desenvolvemento máis tardío. Se ben as actividades de servizos non son novas, adquiren maior importancia nas últimas décadas e vanse diversificando as actividades que o conforman.

O sector servizos tende a delimitarse de forma negativa, como aquelas actividades que non supoñen a explotación da natureza nin a transformación industrial. Mais trátase de actividades esenciais para o funcionamento da economía.

Nun sentido máis positivo, os servizos son prestacións de traballo que se caracterizan polos seguintes elementos:

- En xeral, non poden almacenarse nin incorporarse a outra produción.
- Son inmateriais e instantáneos, pois desaparecen no mesmo momento da súa realización. E non proceden dun proceso de produción anterior, pois non transforman materias preexistentes.
- Implican unha relación directa entre quen presta o servizo e quen o consome ou goza.
- A súa utilidade e valor de uso depende da forma na que se realizan, tanto espacial como temporalmente.

As actividades que inclúe son moi diversas e poden presentar un carácter máis económico ou social. Tradicionalmente, mais que definir o sector servizos, enumerábanse as actividades que o conformaban.

Actualmente, as Nacións Unidas realizan a seguinte desagregación do sector servizos:

- Comercio por xunto e comercio polo miúdo, hoteis e restaurantes;
- Transporte, almacenamento e comunicacións;
- Establecementos financeiros, seguros e servizos prestados ás empresas;
- Servizos comunais, sociais e persoais.

A importancia crecente dos servizos na economía débese principalmente a tres factores:

- O desenvolvemento do capital financeiro;
- A intervención crecente do Estado na economía, destacando especialmente os servizos públicos;
- As revolucións tecnolóxicas.

#### **4.2. Características da terciarización nas distintas rexións económicas mundiais**

O sector terciario adquire un peso crecente no PIB e no emprego das sociedades capitalistas, converténdose no sector máis importante. A terciarización da economía considérase como unha fase superior do progreso, consecuencia de que cada vez se require menor esforzo produtivo material e máis esforzo para realizar e regular a produción.

O proceso de terciarización non foi exclusivo do centro do sistema, senón que tamén se observa na periferia. Ben é certo que as diferenzas no proceso de terciarización entre eses dous polos son notables. No caso dos países centrais, o intenso desenvolvemento do sector servizos está relacionado coa propia dinámica da acumulación do capital e a necesidade da prestación de novos servizos na sociedade postindustrial derivados da produción material.

En cambio, o desenvolvemento do sector servizos na periferia vincúlase con outros factores e mesmo se pode falar da hipertrofia do sector terciario. Iso significa un elevado nivel de desenvolvemento do sector servizos, especialmente en relación ás necesidades desas economías. Unha parte moi relevante da poboación traballa no sector terciario, fundamentalmente en actividades improdutivas, o que se explica pola importancia das actividades comerciais, a marxinação e a supervivencia de modos precapitalistas; así como pola importancia do emprego informal nesas economías. Outra característica destacada desa hipertrofia é a desarticulación das actividades terciarias co sector produtivo. En definitiva, o proceso de terciarización na periferia derivase da escaseza de medios de produción para unha poboación crecente e non dun desenvolvemento postindustrial, relacionado coas necesidades produtivas desas economías.

Nas economías máis avanzadas o sector servizos pode considerarse moderno e está especializado en actividades de produtividade elevada; mentres que nas economías periféricas, o sector servizos está desenvolvido e mesmo hipertrofiado, mais concéntrase en actividades de baixa produtividade.

### **ACTIVIDADES PROPOSTAS**

---

As actividades propostas nesta unidade didáctica son de catro tipos:

- En primeiro lugar, a busca e análise de datos económicos que permitan coñecer mellor a estrutura produtiva dos países desenvolvidos e menos desenvolvidos. Así, traballarase cos datos económicos do Banco Mundial. Tamén se analizarán datos sobre a situación da alimentación e, en particular, da fame a nivel mundial, para o que se utilizarán datos e informes da ONU e da FAO. No Anexo I inclúese unha descrición máis detallada destas actividades. Nalgunha actividade o traballo realizarase exclusivamente na aula, mentres que en moitos casos o grupo responsable de realizar a actividade e expoñela terá que realizar un traballo previo.
- En segundo lugar, realizarase a lectura e comentario de textos sobre o desenvolvemento económico, a estrutura produtiva, os modelos de industrialización ou a sociedade postindustrial, que sirvan como base para o debate. Aínda que se recomenda a lectura por parte de todo o alumnado, sempre haberá un grupo relator encargado da lectura do texto e a exposición inicial previa ao debate. Non se indican os textos que se van comentar porque poden aparecer outros máis recentes axeitados aos contidos da materia. No Anexo II preséntanse algúns exemplos do tipo de texto que se podería empregar nesta actividade.
- Realizar un debate sobre a relación entre estrutura produtiva e o desenvolvemento económico. Tamén se lle prestará especial atención ao problema da fame, aos modelos de industrialización e á relación entre terciarización e industrialización. Outra cuestión de interese é analizar a concentración nas distintas actividades a nivel mundial, dende a alimentación ata o comercio, o sistema financeiro ou a actividade cultural. Unha das consecuencias é a tendencia á estandarización dos produtos e á homoxeneización das preferencias e gustos dos consumidores a nivel mundial.
- Comentar noticias, temas de actualidade económica ou outro material de interese como vídeos. Esta actividade pode realizarse de xeito presencial ou virtual a través dos foros. Trátase de actividades de carácter individual.

### **AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA**

---

Ao igual que no conxunto da materia, esta unidade didáctica avalíase segundo o sistema de avaliación continua en tres momentos temporais: inicial, procesual e final.

- Ao inicio de cada unidade didáctica, realizaranse algunhas preguntas para avaliar o nivel de coñecementos previo do alumnado e a súa homoxeneidade. Tamén se poden utilizar afirmacións sobre as que manifestarán e xustificarán o seu acordo ou discrepancia.
- A avaliación procesual ten lugar ao longo de toda a unidade didáctica. Para iso faranse comentarios ou preguntas sobre contidos xa expostos, tanto para comprobar o su nivel de comprensión e aclarar e reforzar o que sexa necesario, como para relacionalo cos novos contidos. Na medida en que xeralmente as clases interactivas están deseñadas para aplicar, reforzar ou ampliar coñecementos expostos nas clases, axudan nesta avaliación. Asemade, tamén pode contribuír a parte final da unidade didáctica na que se sintetiza e extraen conclusións que se poidan aplicar a outros contextos.
- Por último, a avaliación final realízase unha vez rematada a unidade didáctica, para valorar o grao de cumprimento dos obxectivos e de adquisición de coñecementos e capacidades por parte do alumnado.

No sistema de avaliación continua, a cualificación é o resultado de sumar a puntuación obtida nas preguntas do exame referidas a esta unidade e a valoración obtida nas actividades interactivas. Debe indicarse que na valoración global da materia o peso do exame final representa o 70 % da cualificación e as actividades interactivas o 30 %.

O obxecto da avaliación desta unidade didáctica son tanto os coñecementos sobre os contidos que conforman a unidade didáctica, como as capacidades que se pretenden conforme aos obxectivos e actividades propostos. En particular, avaliarase a participación activa nas clases, a capacidade de buscar información estatística e analizala, a capacidade de sintetizar ideas dun texto e opinar fundamentamente utilizando os contidos da unidade, a capacidade de traballar en grupo e as habilidades comunicativas.

En canto aos instrumentos utilizados na avaliación, combínanse preguntas a desenvolver curtas no exame, coa calidade das actividades realizadas e a observación das capacidades de traballo en grupo, comunicación de ideas e participación. Tamén se emprega a observación e o conxunto de información reunida sobre cada estudante ao longo de toda a unidade didáctica, para valorar a súa evolución e mellora. Neste sentido, unha vez entregada cada tarefa, o profesorado realiza unha valoración cualitativa desa actividade, tanto no que se refire aos contidos como ás capacidades. Así, infórmase ao alumnado dos aspectos ben realizados e daqueles que pode mellorar, no sentido de estimulalos no proceso de aprendizaxe e achegarlle información útil para o seu futuro desenvolvemento académico e profesional.



## ANEXOS

---

### Anexo 1. Actividades sobre a estrutura produtiva dos países desenvolvidos e menos desenvolvidos

#### Actividade 1. Estrutura produtiva e Desenvolvemento

Nesta actividade os grupos indicados deberán buscar previamente os datos e facer unha primeira análise que se expoñerá na clase. Despois traballarase na aula con máis datos.

As fontes recomendadas son as seguintes:

- Banco Mundial: *World Development Report* ou banco de datos (<http://datos.bancomundial.org/pais>). Nas seguintes ligazóns tamén se poden localizar os datos: <http://wdi.worldbank.org/table/> e <http://data.worldbank.org/indicator/>
- Fondo Monetario Internacional: *World Economic Outlook*.
- Organización Mundial del Comercio: *Estadísticas del comercio internacional e Informe Anual sobre el Comercio Mundial*.

As preguntas que se intentarán responder na sesión son do seguinte tipo:

- 1) Indicar os 10 países con maior contribución ao PIB do sector agrario, industrial, manufactureiro e de servizos, respectivamente.
- 2) Indicar a importancia das distintas ramas manufactureiras dos 10 países con maior contribución ao PIB do sector manufactureiro.
- 3) Indicar os 10 países con maior contribución ao emprego do sector agrario, industrial, manufactureiro e de servizos, respectivamente.
- 4) Indicar os 10 países con maior contribución ás exportacións do sector agrario, industrial, manufactureiro e de servizos, respectivamente.
- 5) Indicar os 10 países con maior porcentaxe de exportacións de alta tecnoloxía en relación ao total de produtos manufacturados.

#### Actividade 2. Análise das tendencias da alimentación e a situación da fame

Nesta actividade os grupos indicados deberán buscar previamente os datos e facer unha primeira análise que se expoñerá na clase. Despois traballarase na aula con máis datos.

A principal fonte de información serán as estatísticas e os informes da FAO.

As preguntas que se intentarán responder na sesión son do seguinte tipo:

- 1) Analizar a situación actual da fame no mundo, a súa distribución espacial e a súa evolución.
- 2) Valorar o cumprimento do primeiro Obxectivo do Milenio, en particular, na meta relativa á fame. Realizar dita valoración tanto a nivel global como por área xeográfica, así como considerando o efecto da crise económica.
- 3) Comparar o obxectivo do Desenvolvemento do Milenio relativo á fame e a súa actualización nos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible, co

obxectivo establecido no Cumio Mundial sobre a Alimentación celebrado en Roma en 1996.

- 4) Analizar a evolución dos prezos dos alimentos nos anos máis recentes e identificar cales son os principais factores que inflúen na súa volatilidade.
- 5) Analizar a concentración na industria alimentaria a través da historia das principais empresas do sector a nivel mundial e o seu proceso de crecemento, diversificación produtiva e de absorción ou fusión de empresas.
- 6) Analizar as pautas de alimentación, reciclaxe, hábitos de consumo, de vida e culturais de 30 familias de 24 países do mundo, con distinto nivel de desenvolvemento. Para esa actividade utilízase o material fotográfico elaborado por Peter Menzel e Faith D'Aluisio recollido no seu libro *Hungry Planet: What the World Eats*, publicado en 2007, que mostra a comida que precisan as familias nunha semana.

## Anexo 2: Comentario de texto

Os textos para o comentario serán facilitados previamente ao alumnado e non se determinan porque pode aparecer algún texto novo (sexa artigo ou capítulo de libro) que sexa de interese para a materia. Como exemplo, pode utilizarse algún capítulo dos libros que se indican a continuación:

CHANG, Ha-Joon (2008): *¿Qué fue del buen samaritano?: naciones ricas, políticas pobres*, Barcelona: Intermón Oxfam.

CHANG, Ha-Joon (2012): *23 cosas que no te cuentan sobre el capitalismo*, Barcelona: Debate.

REINERT, Erik (2008): *La globalización de la pobreza. Cómo se enriquecieron los países ricos... y por qué los países pobres siguen siendo pobres*, Barcelona: Crítica

RODRÍK, Dani (2008): *Are services the new manufactures*, <https://www.project-syndicate.org/commentary/are-services-the-new-manufactures-by-dani-rodrik-2014-10>.

## BIBLIOGRAFÍA

---

Preséntase a bibliografía básica, que pode servir de axuda para a preparación dos contidos desta unidade e, a bibliografía complementaria, que permite unha aproximación máis ampla ás temáticas abordadas na unidade didáctica. Asemade, ao longo do curso facilitaráselle ao alumnado material complementario, para que poida afondar naqueles aspectos que lle resulten de maior interese. Dese xeito, na aula virtual cóntase cun cartafol de material complementario, no que se inclúen artigos e referencias de textos que permiten ampliar os coñecementos sobre os contidos da unidade didáctica.

### Bibliografía básica

- BERZOSA, Carlos; Pablo BUSTELO e Jesús DE LA IGLESIA (coord.) (2010): *Estructura económica mundial*, Madrid: Síntesis.
- DURÁN, María Gemma; José Manuel GARCÍA DE LA CRUZ e Ángeles SÁNCHEZ (2013): *Estructura económica y relaciones internacionales*, Madrid: Garceta.
- GARCÍA DE LA CRUZ, José Manuel; María Gemma DURÁN e Ángeles SÁNCHEZ (Coord.) (2011): *La economía mundial en transformación*, Madrid: Paraninfo.
- MARTÍNEZ, Javier e José María VIDAL (coord.) (2003): *Economía mundial*, Madrid: McGraw-Hill.

### Bibliografía complementaria

- ALONSO, José Antonio (dir.) (2013): *Lecciones sobre economía mundial: Introducción al desarrollo y a las relaciones económicas internacionales*, Cizur Menor (Navarra): Civitas.
- BELLO, Waden (2012): *Food wars: crisis alimentaria y políticas de ajuste estructural*, Barcelona: Virus.
- DELGADO, Manuel (2010): «El sistema agroalimentario globalizado: imperios alimentarios y degradación social y ecológica», *Revista de Economía Crítica*, 10, 32-61.
- FAO (2015): *El estado de la inseguridad alimentaria en el mundo*.
- FAO (2015): *El estado de mundial de la agricultura y la alimentación*.
- MAESSO, María (2011): *Manual de Economía mundial*, Madrid: Pirámide.
- MARCH, José María (2013): *Desarrollo económico: estilos y políticas*, Valencia: Tirant lo Blanch.
- MENZEL, Peter e Faith D'ALUISIO (2007): *Hungry Planet: What the World Eats*, Berkeley: Ten Speed Press.
- PATER, Raj (2008): *Obesos y famélicos: el impacto de la globalización en el sistema alimentario mundial*, Barcelona: Los Libros del Lince.
- REQUEJO, Jaime (2011): *Economía Mundial*, Madrid: McGraw-Hill.
- TAMAMES, Ramón e Begoña GONZÁLEZ (2014): *Estructura económica internacional*, Madrid: Alianza.
- WADE, Robert G. (1999): *El mercado dirigido: la teoría económica y la función del gobierno en la industrialización del Este de Asia*, México: Fondo de Cultura Económica.

### Citas de recursos en internet

FAO (Organización de las Naciones Unidas para la Alimentación y la Agricultura):  
<http://www.fao.org/home/es/> [citado 15 xuño 2016]

Objetivo Hambre Cero:

<http://www.fao.org/zhc/detail-events/es/c/418661/> [citado 15 xuño 2016]

Obxectivos do Milenio/Obxectivos do Desenvolvemento Sostible:

<http://www.un.org/millenniumgoals> [en inglés] [citado 15 xuño 2016]

<http://www.un.org/es/millenniumgoals> [citado 15 xuño 2015]

<http://www.undp.org/content/undp/en/home/mdgoverview> [en inglés]  
[citado 15 xuño 2016]

<http://www.undp.org/content/undp/es/home/mdgoverview> [citado 15 xuño  
2016]

Organización de Nacións Unidas:

[www.un.org/en](http://www.un.org/en) [en inglés] [citado 15 xuño 2016]

[www.un.org/es](http://www.un.org/es) [citado 15 xuño 2016]

Organización Mundial do Comercio:

[www.wto.org](http://www.wto.org) [en inglés] [citado 15 xuño 2016]

[www.wto.org/indexsp.htm](http://www.wto.org/indexsp.htm) [citado 15 xuño 2016]

Peter Menzel Photography

<http://www.menzelphoto.com/> [citado 15 xuño 2016]

Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento:

[www.pnud.org](http://www.pnud.org) [en inglés] [citado 15 xuño 2016]

[www.undp.org/content/undp/es/home](http://www.undp.org/content/undp/es/home) [citado 15 xuño 2016]



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA